

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 22 DE FEBREIRO DO 2024.**

ASISTENTES:

Presidente: PEREZ BARRAL LUIS ANTONIO Membros que asisten: MARIÑO DE BRICIO VICENTE SUAREZ PUERTA COLOMER FRANCISCO VIDAL PEON XABIER POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA BETANZOS FERNANDEZ GENOVEVA MARIA ABRALDES PEREZ FERNANDO FURONES RAMOS JUAN LUIS	Interventor: BAO CASTRO PABLO Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL Membros que non asisten:
---	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 14:00 do día Vinte e dous de Febreiro do Dous mil vinte e catro, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 14 de xullo de 2023, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 15/02/2024

2.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202402/209

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 14/02/2024. DECRETO: "APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE "RENOVACIÓN DA PRAZA ESTUDIANTES (RIBEIRA)""



3.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202402/210

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 14/02/2024. DECRETO: “APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “RENOVACIÓN DA REDE DE AUGA POTABLE NA RÚA DO BARREIRO (PALMEIRA)””

4.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202402/221

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 14/02/2024. DECRETO: “APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E DO PLAN DE XESTIÓN DE RESÍDUOS DAS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “AMPLIACIÓN E RENOVACIÓN DO PARQUE INFANTIL DE PEDRA PATEIRA (RIBEIRA)””

5.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202401/228

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 14/02/2024. DECRETO: “APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “CUBERTA E RENOVACIÓN DO PARQUE INFANTIL DE A CAPELA E MELLORA DO DE PARTE AO RÍO””

6.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202402/231

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 14/02/2024. DECRETO: “APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “RENOVACIÓN DE SERVIZOS E PAVIMENTACIÓN DE RÚA DA CAMBRA (PALMEIRA)””

7.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202402/233

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 14/02/2024. DECRETO: “APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “PAVIMENTACIÓN E INSTALACIÓN DE SANEAMENTO NO LUGAR DE SIRVES (OLVEIRA)””

8.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202402/234

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 14/02/2024. DECRETO: “Aprobación do Plan de Seguridade e Saúde das obras do proxecto denominado “PAVIMENTACIÓN E INSTALACIÓN DE SANEAMENTO NA PROLONGACIÓN DE RÚA DO COLEXIO (CORRUBEDO)””



9.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202402/249

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 15/02/2024. DECRETO: "CANCELACIÓN E DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEPOSITADA POLA EMPRESA "DOS MÁIS DOS ESPECTÁCULOS Y MANAGEMENT, S.L." PARA RESPONDER DO CONTRATO DO "DESEÑO E PRODUCCIÓN DE CARROZAS PARA A CABALGATA DE REIS DE RIBEIRA 2022 CON POSIBILIDADE DE PRÓRROGAS ANUAIS PARA OS ANOS 2023 E 2024"

10.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202402/280

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 19/02/2024. DECRETO: "ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE CATERING DO ENCONTRO DAS PERSONAS MAIORES DE RIBEIRA 2024"

11.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202402/292

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 19/02/2024. DECRETO: "APROBACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS DO PROXECTO DENOMINADO "CUBERTA E RENOVACIÓN DO PARQUE INFANTIL DE A CAPELA E MELLORA DO DE PARTE AO RÍO"

12.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202402/327

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 20/02/2024. DECRETO: "APROBACIÓN DEL PLAN DE SEGURIDAD Y SALUD Y DEL PLAN DE GESTIÓN DE RESÍDUOS DE LAS OBRAS DEL PROYECTO DENOMINADO "REHABILITACIÓN Y MEJORA DE LA EFICIENCIA ENERGÉTICA DE LA CASA CONSISTORIAL DE RIBEIRA. REFORMA INTERIOR E INSTALACIONES". (PIREP 1) - REACT-UE NEXT GENERATION"

13.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Julia Zapata Ack

Visto o escrito presentado por **Julia Zapata Ack**, de data 14/02/2024 (Rexistro de entrada nº 3.685), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (améndoas), os días 27 ao 31/03/2024.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Denegar** a solicitude presentada por **Julia Zapata Ack** debido a que non procedeu ao pago das taxas municipais correspondentes, non informar da ubicación pretendida para o citado posto, nin as medidas do mesmo, así como non presentar póliza de seguros e demais documentación pertinente; polo que se procede ao arquivo da solicitude se non presenta a citada documentación obrigatoria co correspondente abono das taxas.



- b) **Informar a Julia Zapata Ack** que, de pretender instalar o posto de venda ambulante na zona do Malecón, deberá solicitar autorización á entidade **PORTOS DE GALICIA**, ao ser o ente titular do espazo solicitado.
- c) Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

14.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

26611 16.11.2023 JUAN MANUEL CESAR SAMPEDRO, reparación de muro de cierre, na rúa Alvaro cunqueiro, 14B, Ribeira.

15.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

3418 09.02.2024 MARTA LORENZO RIVADULLA, obras de mellora enerxética na vivenda unifamiliar existente, no lugar de Balteiro, 2B, Oleiros.

16.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (3)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

582 08.01.2024 ANGELA VIDAL SUÁREZ, arreglo de baños e cambio de ventanas, na rúa do Sal, 4-4º, Ribeira.

17.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (4)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

639 09.01.2024 Mª LUISA SUÁREZ ÁLVAREZ, restaurar paredes interiores, na rúa Luis Pimentel, 46, Aguiño.



18.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (5)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

1536 19.01.2024 RAMÓN CALVO CANIVE, repicar fachada e aplicar líquido hidrófugo, no lugar de Bretal, 264, Olveira.

19.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (6)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

1809 23.01.2024 SENEN BANDE GONZÁLEZ, cambio de ventanas na rúa do Mendiño, 4-5º-B, Ribeira.

20.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (7)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

4067 19.02.2024 PABLO BAO CASTRO, reforma integral de baño, no Touro, 1, portal 1, 3º-A, Ribeira.

21.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (8)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

1817 23.01.2024 JUAN MANUEL NOVO BLANCO, pintado de fachada e interior e acondicionamento do solo, no lugar de Eirexa.

22.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (9)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

4042 19.02.2024 FRINSA DEL NOROESTE, S.A., instalación cargador baterías parking vehículos, na Avda. Ramiro Carregal Rey, p-29, polígono industrial de Xarás.



23.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (10)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

2869 05.02.2024 FRANCISCO ANTONIO VIDAL BLANCO, recubrir fachada da casa, na rúa Río Azor, 35, Palmeira.

24.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (11)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

3005 06.02.2024 BEATRIZ AGEITOS ALONSO, reparación de baño, na rúa Agustín Fernández Oujo, 15-B, 4º-A, Ribeira.

25.- INSTALACIÓN DE TENDEDEIROS EN FACHADA RÚA BARBANZA - Comunidade de Propietarios do Edificio Rúa Barbanza-Esquina Mariño de Rivera

Queda sobre a mesa para o seu maior estudo a comunicación de obra menor (Expte. Nº 2023 COMU000608) presentada con data 20 de novembro de 2023 pola Comunidade de Propietarios do Edificio Rúa Barbanza-Esquina Mariño de Rivera, para "INSTALACIÓN DE TENDEDEIROS FACHADA NORTE DO EDIFICIO, no lugar de RÚA BARBANZA Nº 24, RIBEIRA-

26.- LICENZA MUNICIPAL PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA. LUGAR: RÚA CELSO EMILIO FERREIRO Nº 10, AGUIÑO, RIBEIRA. PROMOTOR: VÍCTOR MANUEL MARTÍNEZ MUÑIZ

VISTOS os escritos presentados por **D. Víctor Manuel Martínez Muñiz**, rexistrados de entrada os días **9 de agosto e 28 de decembro de 2023**, (Rexistro de entrada nº 18.561 e 29.776), mediante os que solicita licenza de obras para construción de vivenda unifamiliar de planta baixa en parcela con refª catastral nº 8485705MH9088S sita na Rúa Celso Emilio Ferreiro nº 10, Aguiño, Ribeira achegándose Proxecto Básico asinado dixitalmente o día 2 de agosto de 2023 así como Proxecto Básico modificado asinado dixitalmente o día 28 de decembro de 2023 redactado por D. Manuel González González, (arquitecto col. nº 3.145) e Oficio de Dirección de Obra e Compromiso de dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde.

VISTO o **informe técnico favorable** emitido polo **arquitecto municipal** con sinatura dixital o día **28 de decembro de 2023**.

VISTO o **informe emitido** pola enxeñeira municipal o día **17 de xaneiro de 2024** en relación á **fianza** para responder pola reposición de pavimento nas aceras ás que da fronte o solar que nos ocupa, valorada en de **720,05 €**.



VISTO o informe emitido polo **Técnico de Administración Xeral** adscrito ao Departamento de Urbanismo D. José Martínez de Llanos y Orosa de data **17 de xaneiro de 2024**, ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e no que propónse conceder a licenza urbanística de referencia en harmonía co informe do arquitecto municipal de data 28 de decembro de 2023.

VISTO o informe emitido polo Secretario Xeral da Corporación con data 17 de xaneiro de 2024 en relación co disposto no artigo 3 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se aproba o Regulamento sobre o Réxime Xurídico dos Funcionarios con Habilitación de Carácter Nacional e o artigo 142 da Lei 2/2016, de 16 de febreiro do Solo de Galicia.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.-CONCEDER a **D. Víctor Manuel Martínez Muñiz** **LICENZA DE OBRAS (Nº 4/24)** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA** con refª catatstral nº 8485705MH9088S sita na Rúa Celso Emilio Ferreiro nº 10, Aguiño, Ribeira, nos termos do Proxecto Básico modificado asinado dixitalmente o día 28 de decembro de 2023 por D.Manuel González González, (arquitecto col. nº 3.145):

-Deberá presentar **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos que deberá obter a aprobación municipal con anterioridade ao inicio das obras.

-Deberá depositar **unha fianza nas arcas municipais de 720,05 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza**, segundo informe da enxeñeira municipal para responder pola reposición de pavimento nas aceras ás que da fronte o solar.

-Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde** co preceptivo visado colexial.

SEGUNDO.- As obras iniciaranse no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.



- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Resíduos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

CUARTO.- Durante a execución da demolición non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Ribeira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

QUINTO.- Durante a execución da demolición adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo



de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

OITAVO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

27.- LICENZA MUNICIPAL PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA COMPOSTA DE PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA. PROMOTOR: ROBERTO GARCÍA MARTÍNEZ. LUGAR: ATALAIA S/N, CORRUBEDO, RIBEIRA

VISTA a solicitude de licencia urbanística de obra maior para licenza de obra maior para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR COMPOSTA DE PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA**, no lugar de **ATALAIA S/N, CORRUBEDO, RIBEIRA**, da que é promotor **D. ROBERTO GARCÍA MARTÍNEZ**

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como o **informe técnico** emitido polo **arquitecto municipal** con sinatura dixital favorable de **día 14 de xullo de 2023**, **informe técnico de valoración** emitido polo **arquitecto técnico municipal** de data data **18 de xullo de 2023**, a **acta e plano de cesión** así como **informe** emitido polo **arquitecto técnico municipal** os días **19 e 21 de xullo de 2023**, o **contrato de cesión** asinado o día **27 de xullo de 2023** polo que cede a dominio e uso público ao Concello de Ribeira a superficie de terreo de **74,70 m²** para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas no Plan Xeral de Ordenación Urbana, o **informe do técnico de administración xeral** de data **5 de febreiro de 2024** e o **informe do secretario xeral** da Corporación de data **5 de febreiro de 2024**, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO:- CONCEDER a D.Roberto García Martínez LICENZA DE OBRAS (Nº 5/24) para CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA DE PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA



no lugar de **Atalaia s/n, Corrubedo, Ribeira**, en parcela resultante da agrupación de parcelas con refª catatstral nº15074A05001392:

- Deberá presentar **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos que deberá obter a aprobación municipal con anterioridade ao inicio das obras.
- En relación á superficie **cedida a dominio e uso público afectada por aliñeacións de 74,70 m²**, deberá de completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da enxeñeira municipal **unha fianza de 862,21 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.**
- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra de Execución Material** e de **Coordinación de Seguridade e Saúde** co preceptivo visado colexial.

SEGUNDO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

TERCEIRO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

CUARTO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá presentar a comunicación previa de primeira ocupación segundo o disposto pola Lei 7/2022 de 27 de decembro de medidas fiscais y administrativas que modifica a LSG, debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.
- Acta de recepción de edificio terminado.
- Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.
- Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizos.
- Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveles sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo



establecer ensaios representativos.

QUINTO:- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa o interesado.

SEXTO:- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Ribeira.



Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

28.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Kibu Inmuebles, S.L.U.

Visto o escrito presentado por Pablo Carregal García en representación de **Kibu Inmuebles, S.L.U.**, de data 09/02/2024 (Rexistro de entrada nº 3.440), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 15074A938017710000UZ e CRU 15011000901459, Finca 28309 de Ribeira.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar pidre Mosquera, de data 12/02/2024, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:



1. ANTECEDENTES

Solicitud de información urbanística dunha parcela, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira co núm. 202400003440 do día 9 de febreiro de 2024.

2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunha parcela.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Documentación achegada


Presentouse unha solicitude de información urbanística dunha parcela indicando súa referencia catastral, rexistral e número de finca. A parcela é unha parcela resultante dunha segregación de parcelas autorizada en Xunta de Goberno Local celebrada na data de 20 de outubro de 2005, denominada coma parcela B, cunha superficie de 3.845,66 m². Apórtanse escrituras de compra venda, nas que se indican que segundo medición realizada con posterioridade á parcela, a superficie resultante é de 3.863,17 m²; coincidente ca superficie que consta no Rexistro da Propiedade de Noia.

4.2. Normativa urbanística

A parcela con referencia catastral 15074A938017710000UZ e CRU 15011000901459, Finca 28309 de Ribeira, de 3.863,17 m², encóntrase clasificada polo PXOM, segundo se recolle no plano 3.4 de Clasificación e Cualificación do solo e aliñacións en núcleos urbanos (Santa Uxía), a escala E:1/2.000, coma solo urbano urbano (S.U.) dentro do Polígono Industrial de Xarás

Este plan parcial foi aprobado inicialmente polo Concello en sesión celebrada en febreiro de 1985 e, conta con aprobación definitiva, o 13 de outubro de 1985, e publicado no Boletín Oficial da Provincia o 20 de decembro de 1985.

O PXOM de Ribeira non se atopa adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e segundo a DT1ª.2.a. da Lei 2/2016, do solo de Galicia, en adiante LSG, ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no art.17.a. da LSG aplicaráselle o disposto nela para o solo urbano consolidado.



Os usos globais son

- Uso Industrial
- Uso de equipamentos
- Uso de viais
- Uso de espazos libres, zonas verdes e deportivas.

As condicións para edificar neste tipo de parcela, segundo as definicións do Plan Parcial do Polígono do Xarás son as seguintes:

Parcela mínima: 500,00 m²
Fronte mínimo: 14,00 m
Ocupación máxima da parcela: 75%
Edificabilidade máxima: 5,50 m³/m²
Número de plantas: 3
Altura máxima de cornisa: 9,00 m
Recuado mínimo á fronte: 5,00 m
Recuados mínimos laterais: 3,00 m, permitíndose acaroar aos lindeiros, previo acordo por escrito
Recuado mínimo posterior: 3,00 m
Deberá contar cunha praza de estacionamento cada 100 m² construídos.

5. AFECCIÓNS SECTORIAIS

A parcela encóntrase dentro da zona de protección da estrada autonómica AC-550, polo que deberá solicitar autorización para calquera acto de edificación ou usos do solo, ao Organismo Competente de Estradas da Xunta de Galicia.

29.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Juan Perfecto González González

Visto o escrito presentado por **Juan Perfecto González González**, de data 15/12/2023 (Rexistro de entrada nº 28.953), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 15074A00700738, situada en Lugar Insuela, Palmeira, Ribeira.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico Municipal, Diego Hermida Varela, de data 15/02/2024, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

01.DATOS DA PERSOA SOLICITANTE:

Nome/razón social: Juan Perfecto González González

02.DATOS DA PARCELA

Localización: Lgar. Insuela, parroquia de Palmeira, Ribeira.

Ref. Catastral: 15074A00700738

Plano do PXOM: Planos nº 2.13 e 3.3 do PXOM de Ribeira; Folla 0151A-0605 do PBA. Modelo de Xestión BE04 do POL.

03.ANTECEDENTES

03.01. Con data do 15.12.2023, obtén rexistro de entrada (RE.: 28953), unha solicitude de información urbanística.

Achégase:

- Consulta descritiva e gráfica do Catastro da parcela 15074A03601386.
- Xustificante do pagamento dos tributos municipais.

04.NORMATIVA APLICABLE



- **Plan Xeral de Ordenación de Ribeira**, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal de Ribeira en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, na súa vixente redacción, en adiante PXOM.
- **Lei 2/2016**, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG.
- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG.
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia, en adiante PBA.
- As demais normas que sexan de aplicación, nomeadamente a lexislación vixente sobre o réxime do solo e a ordenación urbana.

05. INFORME

O Concello de Ribeira conta cun plan xeral de ordenación aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal de Ribeira en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, na súa vixente redacción, en adiante PXOM. Será de aplicación o establecido na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 e o Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico.

De acordo coa Disposición transitoria 1ª.2 da LSG, o planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela consonte a unha serie de regras.

05.01. Réxime urbanístico:

A parcela para a que solicita información conta con dúas clasificacións, solo rústico e solo urbano.

A parte da parcela situada ao este atópase en terreos clasificados polo PXOM de Ribeira como **Solo Urbano correspondente coa Ordenanza 6.3.B, Residencial extensiva unifamiliar aislada**. De conformidade coa Disposición Transitoria 1ª da LSG, apdo. 2 a) da LSG, ao solo urbano que reúna os requisitos do art. 17 a), aplicaráselle o disposto na LSG para o solo urbano consolidado.

A continuación transcribíse o teor literal da ordenanza de aplicación:

Artículo 157: Ordenanza 6.3 - Residencial extensiva unifamiliar aislada.

1. Definición y ámbito

Comprende esta Ordenanza las áreas de suelo urbano menos densificados de los núcleos urbanos en contacto con las direcciones de carretera y calles definidas en los Planos de Ordenación, en la que se localizan viviendas unifamiliares aisladas con jardines en la parte de su parcela no edificada.

1.1. Obras admisibles

Son admisibles todo tipo de obra de:

Demolición

Reforma

Ampliación

Nueva planta

1.2. Usos globales

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivienda unifamiliar.

Usos admisibles: *Sólo se admitirán además del uso característico las terciarias que tengan una relación de dependencia directa con el uso principal, tales como restaurantes, hostales, oficinas, comercios y talleres relacionados con las actividades residenciales y del sector primario, permitiéndose el uso dotacional y la vivienda colectiva, conservándose la parcela y el tipo de edificación.*

1.3. Tipologías edificatorias

La tipología edificatoria es la de vivienda unifamiliar aislada.

1.4. Normativa sectorial

Cada uso que se incluye en la edificación deberá estar sujeto a la normativa sectorial que le afecte. El uso residencial queda regulado globalmente por las condiciones de habitabilidad del Decreto 311/1992.

2. Parámetros de la edificación

2.1. Condiciones de la parcela

Parcela mínima: Tipo A: 500 m².



Tipo B: 1.000 m².

Tipo C: 1.000 m².

Frente mínimo: 12 metros.

Condiciones de forma: La forma de la parcela permitirá la inscripción de una circunferencia de 12 m. de diámetro.

2.2. Condiciones de ocupación

Ocupación máxima de la parcela: Tipo A-B-C: 30%.

Retranqueos: La posición de la edificación quedará retranqueada respecto a los linderos: 3 metros y a las vías la establecida en estas normas.

2.3. Condiciones de volumen

Edificabilidad máxima: Tipo A: 0,8 m²/m²

Tipo B: 0,4 m²/m²

Tipo C: 0,4 m²/m²

Computando a estos efectos la planta semisótano a partir de una altura sobre rasante de 1 metro.

Altura de la edificación:

Número plantas: Bajo + una planta + Bajo cubierta, computándose a todos los efectos la edificabilidad consumida en espacios de altura superior a 1,5 m. Se admite la planta sótano.

H. máxima: 6,5 metros.

Altura de coronación: 4,0 m. desde el último forjado.

Los porches abiertos computarán a efectos de edificabilidad la mitad de su superficie siempre que tengan una profundidad mayor que 1 metro.

Las terrazas computarán siempre la mitad de su superficie.

2.4. Elementos arquitectónicos

Cerramiento de parcelas: Sólo se permitirá el cerramiento de las parcelas con elementos opacos de buen acabado hasta una altura máxima de 1 m. pudiéndose aumentar dicha altura mediante elementos diáfanos hasta una altura de 1 metro. En el caso de cierres realizados con piedra natural la parte ciega puede alcanzar una altura máxima de 1,5 metros.

Construcciones auxiliares: Se autoriza una construcción auxiliar por parcela, computando edificabilidad y ocupación. Siempre en una sola planta, con una altura máxima de 3 metros, en el caso de superar los 15 m, solo se autorizaran si existe la edificación principal.

Cuerpos volados cerrados: Se autorizan vuelos sobre las fachadas con una dimensión máxima de 0,9 m. debiendo ser acristaladas en un 50% de su superficie.

Cornisas y aleros: La dimensión máxima del saliente de cornisas y aleros será de 0,4 metros.

Balcones y terrazas: En los cuerpos volados no se autorizará a sobresalir sobre el vuelo permitido con balcones y terrazas. En el resto de los casos su dimensión máxima será de 0,6 m.

Cubiertas: Igual que ordenanza 6.1.

2.5. Condiciones ambientales y estéticas

La intención es la de conseguir una franja de edificación en baja densidad con gran proporción de espacios ajardinados y arboledas.

Cerramientos exteriores y materiales: La volumetría, composición, naturaleza, textura y color de los materiales serán acordes con los utilizados en el proceso de formación del paisaje histórico. Se prohíbe el empleo de más de dos materiales en fachada, adoptando soluciones tipológicas propias del entorno. Se prohíben los muros de bloques sin revestir y pintar.

En la carpintería exterior del edificio se podrán utilizar madera, hierro, aluminio o plástico siempre que estén pintados, lacados o coloreados.

Se prohíbe el aluminio en su color natural.

Composición de fachadas y huecos: Se tomará como referencia la arquitectura popular existente en la zona.


Se recomienda que los huecos de las ventanas deberán tener forma cuadrada o rectangular, en este caso, el lado vertical será siempre mayor que el horizontal.

Integración en el medio natural: La edificación deberá estar integrada en el medio natural, debiendo quedar convenientemente ajardinado el espacio comprendido entre los edificios y los linderos de la parcela.

Conservación de las masas arbóreas: Las edificaciones de la parcela tipo c, deberán conservar



las masas arbóreas, permitiéndose talar únicamente el espacio necesario para las edificaciones de nueva planta.



Plano nº 3.3 do PXOM. SÓLO URBANO

A parte da parcela situada ao oeste, atópase en terreos clasificados polo PXOM de Ribeira como **Solo Rústico Común**.

De acordo coa Disposición Transitoria Primeira da LSG, apdo. 2 c), ao solo rústico aplicaráselle o disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia para o solo rústico.

Da consulta do PBA, obsérvase que a parcela para a que se solicita información atoparíase, afectada pola zona de protección costeira do Plan de Ordenación do Litoral.

Segundo o deslinde do Servizo Periférico de Costas, e a cartografía obrante no visor do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a parcela atópase en parte na Zona de Servidume de Protección (arts. 23 e DT3ª da Lei de costas) estando afectada no seu vento oeste pola citada servidume.

Consecuencia do sinalado haberá que outorgarlle, á parte clasificada como solo rústico, a categoría de solo **solo rústico de protección de costas**, recollida no artigo 34.2.d) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Os **usos e actividades permitidos**, o **réxime dos usos** e as **condicións xerais da edificación** para o solo rústico recóllense nos artigos 35, 36 e 39, respectivamente, da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

30.- SOLICITUDE CONSERVACIÓN DO CARÁCTER PEONIL DA PONTE DO RÍO LISTRES – Xurxo Ferrón Vidán

A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito presentado por Xurxo Ferrón Vidán, de data 15/02/2024 (Rexistro de entrada nº 3.840), no que solicita a conservación do carácter exclusivamente peonil da ponte do río Listres.

31.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA INSTALAR UN PUNTO DE ATENCIÓN PERSOALIZADA PARA PERSOAS EMIGRANTES RETORNADAS – Alegría Activity, S.L.

Visto o escrito presentado por Juan Jesús Alegría Alonso en representación de **Alegría Activity, S.L.**, de data 12/02/2024 (Rexistro de entrada nº 3.511), no que solicita autorización para a instalación dun punto de atención persoalizada para persoas emigrantes retornadas, incluído no programa “Oficina Móbil de atención as persoas emigrantes retornadas” da Secretaría Xeral da Emigración.



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**

- **Autorizar** a instalación dun punto de atención persoalizada para persoas emigrantes retornadas, incluído no programa “Oficina Móbil de atención as persoas emigrantes retornadas” da Secretaría Xeral da Emigración.
- Dita autorización se lle concede para o día **01/03/2024**, e deberá situarse na **Avenida do Malecón (Ribeira), diante da Residencia de Persoas Maiores**.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

32.- CONCESION DE PREMIOS E GRATIFICACIÓNS DO FESTIVAL DE MURGAS, COMPARSAS E CARROZAS DO ENTROIDO 2024

Vista a proposta da **Concelleira Delegada de Cultura**, Antía Alberte Maneiro, de data 14/02/2024, relativa á concesion de premios e gratificacións do Festival de Murgas, Comparsas e Carrozas do Entroido 2024.

Vista a documentación que consta no expediente

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar a concesión de premios e gratificacións aos gañadores en cada unha das modalidades, cun importe total de 3.495,00 €; así como a desafectación da cantidade de 2.505,00 €, en cocepto do importe restante retido para estes premios e gratificacións:

PREMIOS: FASE CONCURSO – CATEGORÍA MURGAS ADULTAS

<u>PREMIO</u>	<u>NOME DA MURGA</u>	<u>NOME E APELIDOS DO REPRESENTANTE ou ENTIDADE</u>	<u>PREMIO</u>
1º	OS DE SEMPRE	Patricia Bazarra García	1.000,00 €
2º	AQUELARRE PORTUS ÉBORA	Asoc. Festas do Carmen Porto do Son	500,00 €
3º	MURGA ASOCIACIÓN VECIÑOS CARREIRA	Asoc. veciñal, cultural e prestadora de servizos á mocidade Carreira	300,00 €

GRATIFICACIÓNS

<u>NOME DA MURGA, CARROZA OU COMPARSA PARTICIPANTE</u>	<u>NOME E APELIDOS DO REPRESENTANTE ou Entidade</u>	<u>IMPORTE GRATIFICACIÓN</u>
MURGA DA RESIDENCIA DO MAIOR	Geriatros S.A.	200 €
COMPARSA “PINK BIRDS”	Concepción García Torrado	200 €
COMPARSA “BRASILEÑAS” E MURGA “MIMOS”	Alfa Asoc. Cultural de Riveira	295 €
COMPARSA “GUERRERAS”	Carmen Pena García	200 €



COMPARSA ANPA CAMPANARIO	Adriana M. Romero Gómez	200 €
MURGA ESCOLA BAILE EL TOMASÓN	Orlando Quirino González Cruz	200 €
MURGA ASOC. HAVEIRA	Asoc. Cultural Recreativa Havana-Riveira	200 €
MURGA R.e I. COFRADÍA DORNA	Asoc. Cultural R.e.I Cofradía Dorna	200 €

33.- SOLICITUDE CONXUNTA DE OCUPACIÓN TEMPORAL ZONA PORTUARIA DE AGUIÑO, CASTIÑEIRAS, CORRUBEDO, PALMEIRA E RIBEIRA ANO 2024

Vista a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Festexos, Francisco Suárez-Puerta Colomer, de data 19/02/2024, relativa á solicitude conxunta de ocupación temporal de espazo portuario de Aguiño, Castiñeiras, Corrubedo, Palmeira e Ribeira para o ano 2024 – Portos de Galicia, no que expón:

“Conscientes que estamos próximos á celebración das festas populares, de verán, gastronómicas etc. que pola súa propia natureza requiren **dispor dun espazo amplo e aberto**, que permita garantir a instalación de estruturas móbiles así como ó acceso e a evacuación dos asistentes.

Considerando que pola súa singularidade territorial, **as parroquias de Aguiño, Castiñeiras, Corrubedo, Palmeira e Sta. Uxía de Ribeira** presentan **como única alternativa** á ocupación temporal da zona portuaria na que emprazar os espectáculos, atraccións ou estruturas como carpas e similares.

Tendo presente que a identidade cultural dun pobo ven definida a través de múltiples aspectos nos que se manifesta a súa cultura, como as celebracións de seu entre outras.

Por isto e co interese en manter, conservar e promover a celebración das festas patronais, gastronómicas e culturais que durante a época estival teñen lugar nas diferentes parroquias que conforman o municipio, **a disposición da autorización de ocupación de dominio público portuario é a principal condición** para que a execución da programación das festas sexa unha realidade, permitindo aos veciños e visitantes desfrutar do día grande da súa parroquia, da exaltación dos produtos locais e outros eventos populares.

Enterados da Resolución do 17 de abril de 2023 pola que se modifica o procedemento de autorización de ocupación de dominio público portuario competencia da Comunidade Autónoma de Galicia con destino á realización de espectáculos públicos e actividades recreativas (código de procedemento IF500A) que foi publicado no DOG núm. 100 de data 29 de maio de 2023, que establece:

Apartado Sexto. Entidades solicitantes

Poderán formalizar a solicitude persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica públicas ou privadas. Non é posible a súa presentación por parte de persoas físicas.

Apartado Sétimo. Forma, lugar e prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo I).



Para que a solicitude poida ser tida en conta, en xeral, deberá ser presentada cunha anterioridade mínima de dous (2) meses ao inicio do evento.

Apartado Oitavo. 2 Tramitación da solicitude

No suposto de que o solicitante teña previsto realizar máis dun evento anual no porto, poderase formalizar mediante unha petición única global por todos os eventos de características similares (...)

Apartado Noveno. Documentación complementaria.

*i) Xustificante de pagamento da taxa administrativa devindicada pola tramitación da solicitude, identificada co código 30.40.01, agás que este proceso se inicie e finalice electrónicamente.
Se a entidade solicitante ten previsto organizar máis dun espectáculo público ou actividade recreativa nun porto dependente de Portos de Galicia, poderá realizar de xeito conxunto a solicitude de varios eventos que realice ao longo do ano (...)*

Por conseguinte e na procura de acadar mellor economía na tramitación administrativa ante Portos de Galicia, órgano competente **para obter o permiso de ocupación temporal en terrenos portuarios das parroquias anteditas, agrúpase nunha única solicitude** todos os eventos previstos para este ano e que corresponden a:

Porto de Aguiño

Festas da Xuventude ó 13 de abril. Ocupación do 11 ao 15 de abril espazo de 1.800 m²
Festas do Carmen do 13 ao 16 de xullo. Ocupación do 13 ao 16 de xullo espazo de 2.800 m²
Festa exaltación da Navalla ó 28 de xullo. Ocupación do 26 ao 29 de xullo espazo de 500 m².
Festa exaltación do Percebe ó 4 de agosto. Ocupación 3 ao 5 de agosto 1.000 m².

Porto de Castiñeiras

Festas de San Xoán ó 23 de xuño. Ocupación ó 23 de xuño espazo 300 m²
Celebración Festas do Verán do 16 ao 18 de agosto. Ocupación do 16 ao 18 de agosto espazo de 300 m²

Porto de Corrubedo

Festas San Xoán ó 23 de xuño. Ocupación ó 23 de xuño espazo 300 m²
Festas San Bandullo ó 27 de xullo. Ocupación 27 de xullo espazo 300 m²
Festas Vivir en Corrubedo ó 29 de marzo. Ocupación 23 de marzo ó 300 m²
Festas do Carmen do 9 ao 11 de agosto. Ocupación do 9 ao 11 de agosto espazo de 600 m²
Festas de Sta. Tecla ós días 21 e 23 de setembro. Ocupación do 21 ao 23 de setembro espazo de 700 m².

Porto de Palmeira

Festas da Xuventude ó 25 de maio. Ocupación 25 ao 26 de maio espazo 1.000 m².
Festas de San Xoán ó 23 de xuño. Ocupación do 23 ao 24 de xuño espazo 500 m².
Festas do Verán do 9 ao 11 de agosto. Ocupación 9 ao 12 de agosto 2.570 m²
Festa do Polvo do 24 ao 25 de agosto. Ocupación do 23 ao 25 de agosto espazo de 1.000 m²

Ribeira (Sta. Uxía de Ribeira)

Feira de Oportunidades Viamare Stock 9 ao 11 de agosto. Ocupación Paseo Malecón 6 ao 12 de agosto 700 m²
Celebración das Festas do Verán 31 de xullo ao 4 de agosto. Ocupación do 28 de xullo ata 5 de agosto espazo 10.000 m²

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Aprobar a formalización nunha única solicitude** a correspondente autorización a Portos de Galicia de ocupación temporal das zonas portuarias das parroquias de



Aguiño, Castiñeiras, Corrubedo, Palmeira e Sta.Uxía de Ribeira destinado á celebración dos eventos no calendario e espazos que se indican.

- Dar traslado deste acordo ao servizos económicos e Tesoureiría aos efectos de proceder ao pago previo **da taxa administrativa como indica o apartado 9.i) da Resolución do 17 de abril de 2023 (procedemento IF500A) que foi publicado no DOG núm. 100 de data 29 de maio de 2023.**

34.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTOS MUSICAIS EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Verónica Elena Nogueira Carrera (O DA RUBIA)

VISTO o escrito presentado por **Verónica Elena Nogueira Carrera**, en representación do establecemento “Café Bar O da Rubia”, de data 19/02/2024 (Rexistro de entrada nº 3.990), no que solicita permiso para eventos musicais no establecemento hostaleiro “Café Bar O da Rubia” (Ribeira), todos os sábados do mes de marzo de 2024.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización (Debendo cumprir co horario establecido nas instruccións) a **Verónica Elena Nogueira Carrera**, para evento musical no establecemento hostaleiro “Café Bar O da Rubia” (Ribeira), todos os sábados do mes de marzo de 2024, **en horario de 20:00h. a 00:00 h., nas condicións establecidas pola “Instruccións de actuacións musicais de pouca entidade Concello de Ribeira”, aprobada pola Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada en data 20/10/2022, e aprobada corrección na Xunta de Goberno Local de data 16/02/2023, e na que se establece:**

“(…)”

5.- DATAS E HORARIOS:

5.1. Sábados, domingos e festivos: Sesión “Vermú”: entre 13.00 h e 16.00 h.

5.2. Interior de Locais:

5.2.1. Café Bar:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.2. Cafetería:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.3. Pubs e café concerto:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 02.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 02.00 h.

5.3. Exterior de locais: Para todas as licenzas:

Venres: de 20.00 h a 23.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 00.00 h.

ACLARACIÓN: Os locais que queiran realizar unha actuación en interior o poderán realizar os mércores o xoves en horario comprendido entre as 20.00 h e 23.30 h, como máximo un día á semana. Exceptúanse desta consideración os locais que dispoñan de



licenza de pub, que se rexerán pola mesma.

(...)”

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Café Bar O da Rubia” (Ribeira) (**Verónica Elena Nogueira Carrera**), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respetar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”*

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e



acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

35.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN – PROGRAMA CULTURA NO CAMIÑO 2024

Vista a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Cultura, Antía Alberte Maneiro, de data 19/02/2024, relativa á *Resolución do 2 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para o programa Cultura no Camiño, de cara o fomento das artes escénicas e musicais nos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia polos que discorren os diferentes Camiños de Santiago, e se convocan para o ano 2024.* (DOG nº 35 de data 19/2/2024), e no que sinala:

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Primeiro.- Aprobar a participación e solicitar unha axuda do programa *Cultura no Camiño 2024* destinada á contratación de compañías de teatro, danza, música, novo circo ou maxia do 15 de xuño ao 31 de agosto de 2024 conforme os trámites establecidos na antedita resolución.

Segundo.- Comprometerse a financiar o importe ou parte non subvencionable obxecto da actividade ata o importe total da execución como se establece na citada resolución.

Terceiro.- Declarar non estar incurso en algunha das circunstancias ou prohibicións indicadas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como nos puntos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cuarto.- Acreditar o cumprimento do deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais do exercicio 2022 a través de certificación emitida ao respecto polo Secretario Xeral.

Quinto.- Facultar a Sr. Alcalde D. Luis Antonio Pérez Barral para actuar en representación do Concello de Ribeira e formular a correspondente solicitude de axuda.



36.- RECOÑECEMENTO DE ANTIGÜIDADE – Francisco Montemuiño Nieto

VISTO o escrito presentado con data 20 de outubro de 2018, rexistro de entrada nº 15413, por **D. Francisco Montemuiño Nieto**, empregado público do Concello de Ribeira, presentase solicitude na que insta a esta Administración Municipal ó recoñecemento a todos os efectos (antigüidade e devengo de trienios) do servizos prestados durante o período entre o 2 de maio de 1989 e o 8 de agosto de 1996.

VISTO o informe emitido polo secretario xeral da Corporación con data 20 de febreiro de 2024.

VISTO o certificado de servizos prestados emitido igualmente polo Secretario Xeral da Corporación con data 20 de febreiro de 2024.

CONSIDERANDO o disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, o Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores, Lei 70/1978, de 26 de decembro, de Recoñecemento de servizos previos na Administración Pública, Real Decreto 1461/1982, de 25 de xuño, polo que se ditan normas de aplicación da Lei 70/1978, de 26 de decembro, de Recoñecemento de servizos previos na Administración Pública e **Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.**

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

Primeiro:- Recoñecer a D. Francisco Montemuiño Nieto, empregado público do Concello de Ribeira, os servizos prestados durante o período entre o 2 de maio de 1989 e o 8 de agosto de 1996, a todos os efectos de antigüidade e trienios.

Segundo:- Que se proceda abonar ó petionario a cantidade correspondente por atrasos con relación ós trienios dentro do límite prescriptivo dos **últimos catro anos desde a súa reclamación.**

Terceiro:- Notificalo presente acordo ó interesado para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Cuarto:- Comunicalo presente acordo ós Departamentos Municipais de Intervención e Tesourería para á súa aplicación efectiva.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 14:20 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

